


A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL
A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL
(1914-1918)

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

A *Grande Guerra* foi o nome que lhe deron os contemporâneos á I Guerra Mundial (1914-1918). O nome reflicte a surpresa ante a magnitude do conflito, involucrando a países e colonias de tódolos continentes, aínda que o seu principal escenario foi Europa. O desastre foi incalculable.



I GM: as causas (alianças militares e carreira de armamentos)


Desde finais do s. XIX as distintas potências preparábanse para a guerra, estabelecendo alianças militares e fabricando máis e máis armas (carreira de armamentos). A guerra parecia ser a saída 'natural'.



Triple Entente



Alianza austro-alemá



The Literary Digest, N. York, 1904

I GM: as causas (guerras nos Balcáns)

A rexión do Balcáns é coñecida como a 'polvoreira de Europa' polos constantes conflitos que alí se teñen producido ata hoxe. Desde a segunda metade do s. XIX o Imperio Turco foi perdendo o control da zona que controlara desde o s. XVI. Austria-Hungría e Rusia foron estendendo a súa influencia sobre os países acabados de constituír. Serbia era a principal aliada de Rusia, enfrontada polo tanto a Austria-Hungría, que en 1908 anexionou Bosnia.



O asasinato do herdeiro do Imperio Austrohúngaro e a súa dona, por parte dun grupo nacionalista bosnio partidario da unión don Serbia, serviu de pretexto para o comezo da Guerra no verán de 1914. O ultimato de Austria-Hungría a Serbia levou ás sucesivas declaracións de guerra.



Asasinato do herdeiro austriaco en Saraievo, 28 de xuño de 1914



I GM: as causas (Alsacia e Lorena; rivalidade naval)

A principal motivación francesa para ir á guerra era o desexo de recuperar ás rexións de Alsacia e Lorena, perdidas coa derrota na Guerra Franco-Prusiana de 1870.

A loita entre Gran Bretaña e Alemaña polo control das rutas marítimas foi outra das causas da guerra.



Postal francesa de 1914



O Submarino alemán 'Deutschland' (1916)

I GM: as causas (belicismo da poboación)

A poboación dos países belixerantes pensaba que a guerra era inevitable e que a vitoria sería doada para o seu respectivo país. A mobilización fíxose nun ambiente de entusiasmo patriótico: a 'unión sagrada'. Ninguén quería perderse esa 'aventura' e as oficinas de recrutamento non daban feito. Cos anos todo cambiou.



Mobilización en Alemaña (agosto 1914)



Recrutamento en Cardiff (Gales, Gran Bretaña), 1914

I GM: as causas (belicismo da poboación)

Só uns poucos socialistas, anarquistas e pacifistas se opuxeron á guerra, sufrindo a represión e a violencia consecuencia do fervor patriótico que embargou ás nacións ao principio da guerra.

O líder socialista francés, Jaurés, foi asasinado seis días despois de pronunciar un discurso contra a guerra o 25 de xullo de 1914.



Mitin de Jaurés (1913)



G. M. Davies, pacifista galés
en prisión polos seus escritos
contra a guerra

I GM: a propaganda

Os gobernos belixerantes usaron a propaganda (carteis, postais, xornais, revistas, etc.) para desprestixiar ao inimigo e mobilizar a súa poboación.



Quen falta? Es ti?



A trilla de Europa


I GM: a propaganda (os aliados)



Papá, que fixeches na Grande Guerra? (1915)



Atrocidades alemãs em Bélgica (1915)



Cartel australiano: 'o kaiser-monstro alemão enche de sangue o Mundo: non podemos facer nada?' (1915)


I GM: a propaganda (os aliados)



*Día das tropas coloniais en
Francia*



*Cumprе co teu deber! Cartel
italiano para animar a comprar
bonos de guerra (1917)*



*Cartel patriótico ruso, pedindo
que se compren bonos de guerra
para manter aos soldados na*

fronte



~~*Cristo bendí ás tropas alemás*~~



Dous contra sete



Os quatro nenos na man



A superioridade alemã manifestase cun certo humor neste cartel sobre o recrutamento. A radicalización dos inimigos basease nos tópicos.



Mapa satírico de Europa en 1914

I GM: as fronteiras


Alemaña tomou a iniciativa atacando Francia a través de Bélxica. Pero axiña se estabilizaron as fronteiras nunha liña de trincheiras, onde as condicións de vida foron terribles, como reflicte o cadro do pintor alemán Otto Dix, que participou na mesma.



Flanders: Otto Dix 1934

I GM: as fronte (as armas)

A economía dos países belixerantes concentrouse na fabricación de armamento, cada vez máis complexo e mortífero.



Fábrica de municións Krupp en 1914



Tanque británico



Soldado con obús




Mesopotamia 1914

I GM: as fronte (as armas)

As metralhadoras e a artillería foron as armas máis decisivas. Os canóns acadaron cada vez maior maior capacidade destrutiva e alcance.



Peza de artillería austriana



O canón alemán Gran Bertha



Canón alemán

I GM: as fronteiras (as armas)

Adquiriu un pulo importante a aviación. A súa eficacia foi limitada pero exaltou a imaxinación da xente.



Zeppelin derrubado polos franceses



Avión alemán derrubado (1918)



Aeroplano alemán capturado en Salónica (Grecia)

I GM: as fronteiras (as armas)


Tamén se utilizaron por primeira vez os submarinos e melloráronse os sistemas de comunicación.



Submarino alemán U-35 dirixíndose a un barco inglés que acaba de torpedear



Autobús de Londres adaptado para pombas, 1914



I GM: as fronte (as armas)

Os gases venenosos, e as máscaras, fixeron aínda máis terrible a guerra. As armas químicas foron introducidas polos alemáns en 1915 e, despois, usárono tamén británicos e franceses. Arredor de 100.000 persoas morreron e máis dun millón foron afectadas polos ataques con gas. O gas mostaza queima a pel, os pulmóns e os ollos. O obxectivo era incapacitar máis que matar.



Ataque con gas



Soldados durante o ataque con gas; Otto Dix 1924



Soldados australianos con máscaras antigás 1917

I GM: as fronteiras (a axuda espiritual)

As Igrexas nacionais daban cobertura moral aos seus exercitos: todos procuraban crer que tiñan o apoio divino. En moitas fronteiras se construíron capelas, que comunicaban directamente coas trincheiras. A 30 ou 40 metros rezaban os inimigos antes de disparar. O apoio espiritual non bastou para conter a desesperación e a rebelión segundo ían pasando os anos



Messe dans une tranchée. (Envoi de St. Léon.)



I GM: as fronteiras (1917, o ano decisivo)

Os EE UU mantivéranse neutrais, o que lles permitiu obter grandes beneficios subministrando armamento e outras mercadorías aos dous bandos, sobre todo aos aliados. Cando Alemaña lanzou a 'guerra submarina', ameazando aos barcos que comerciasen cos aliados, tres barcos mercantes de EE UU foron afundidos no Atlántico. O 2 de abril de 1917 EE UU entrou na Guerra, cambiando o seu curso, pois supuxo unha considerable axuda en armamento, soldados e capital.. Ese mesmo ano, o trunfo da revolución soviética provocou a retirada de Rusia.



O afundimento do Lusitania no que morreron 121 estadounidenses foi decisivo para a súa entrada na guerra.



Quérote a ti para o exército de EE UU: James Montgomery Flagg's 1917

I GM: as fronteiras (as trincheiras: morte e destrución)

Xa desde 1914 as fronteiras estabilizáronse, sobre todo no Norte de Francia, onde unha liña case continua de trincheiras ía desde o Mar do Norte ata Suíza). Os soldados soportaban inmóbiles nas trincheiras as inclemencias do tempo, nunhas pésimas condicións hixiénicas, en constante perigo polos bombardeos.



Trincheiras británicas nos Dardanelos 1915



I GM: as fronteiras (as trincheiras: morte e destrución)

Os soldados só saían das trincheiras para participar en ataques demenciais ordenados pola alto mando, sen posibilidades de éxito. As cartas á familia, censuradas, eran un dos poucos consolos.

En 1916 produciuse a batalla máis mortífera da Guerra: a ofensiva alemá en Verdún causou máis de medio millón de mortos nos dous bandos, pero non variou as posicións.



Verdún, 1916



Despois da batalla



Postal dun soldado alemán

I GM: as fronteas (as trincheiras: morte e destrución)

A morte e a destrución, como en tódalas guerras, estendéronse polos campos de batalla.



Dixmude. Bélxica



Fotografía aérea do campo de batalla de Verdún

*Die Ueberreste der Stadt Brest-Litowsk
die vor dem Brande 56000 Einwohner zählte und jetzt ganz verlassen ist.*



Zensiert
Paul Hoffmann & Co.
Berlin-Schöneberg

1324

I GM: as fronteiras (as trincheiras: morte e destrución)

A morte e a destrución, como en tódalas guerras, estendéronse polos campos de batalla.



I GM: as fronteiras (as trincheiras: morte e destrución)

A morte e a destrución, como en todas as guerras, estendéronse polos campos de batalla.



I GM: as fronteiras (as trincheiras: morte e destrución)


Os mandos militares, para facer cumprir as súas absurdas ordes, recorreron a unha disciplina salvaxe. Segundo avanzou a guerra, o entusiasmo dos soldados se trocou en amargura e desesperanza e os motíns e os desertores foron en aumento.



Execución en Verdún dun soldado amotinado, 1917

I GM: as fronteiras (o xenocidio armenio)

Os armenios que vivían baixo dominio otomano foran duramente reprimidos no s. XIX. Durante a Primeira Guerra Mundial, as autoridades turcas, temerosas dunha 'quinta columna' organizaron o exterminio e deportación ao deserto da poboación armenia, o primeiro xenocidio do s. XX.





I GM: as fronteiras (os servizos sanitarios)

Non se contaba cos medios axeitados para tratar aos millóns de feridos. Os médicos traballaban durante longas xornadas sen descanso e aínda que as primeiras intervencións tiveran éxito, o risco de infección era moi alto. No campo de batalla non había analxésicos e só había cloroformo para os feridos máis graves. Os soldados vivían amontoados e a auga adoitaba estar contaminada.

Soldados alemáns transportando un ferido

Hospital turco 1915

Soldados feridos na batalla de Gallípoli.

Oficial médico colocando unha vendaxe 1918

nos Dardanelos, trasladados en barcazas

I GM: as fronteiras (os servizos sanitarios)

Foron millóns os feridos, moitos deles mutilados, desfigurados. Placas faciais, ollos e orellas falsos usáronse para disimular os terribles efectos das armas na cara. Outras próteses proporcionaban aos soldados un substituto mecánico dos membros que perderan..

Fabricando pernas ortopédicas

Soldados con muletas na festa nacional francesa 14-7-1915

*Cura de soldados alemáns en
Polonia*

Sen brazos

Cirurxía plástica


I GM: a retagarda (o pacifismo)

A pesar do entusiasmo patriótico e da represión houbo moita xente que se opuxo publicamente á guerra, por motivos relixiosos (cuáqueros), ideolóxicos (parte da militancia socialista, comunista ou anarquista) ou de conciencia. Foron satanizados e ridiculizados polos gobernos e os xornais afíns, censurados, represaliados, encarcerados...

Europa 1916: A cenoria da vitoria leva ao burro cara o abismo (litografía de Boardman Robinson en The Massess)



Nai, non lle digas aos nenos que estes humanos son os nosos descendentes (1914)



Médico militar: 'O último, o soldado perfecto' (revista The Masses, EE UU, antes de 1917)

A Organización de Mulleres Americanas a favor

I GM: a retagarda (os refuxiados)

Os civís fuxiron das zonas de combate. A maioría dos refuxiados eran mulleres, anciáns e nenos. Só levaban o que podían cargar e eran confinados en campos sen as mínimas condicións. O medo, o terror, expandiuse desde as trincheiras ás poboacións da retagarda.

Mulleres no Norte de Francia 1914

Fuxindo da guerra, Bélxica 1914

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

a retagarda

Tódolos cidadáns dos países belixerantes tiveron que poñerse ao servizo da guerra. Recorreuse ao traballo obrigatorio e os alimentos racionáronse. Vello, rapaces e mulleres ocuparon os postos de traballo que abandonaron os homes recrutados polos exércitos.



Fábrica de armas británica



Cartel francés 1916



Cartel do Canadá



A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

a retagarda

A escaseza, a fame, foi en aumento segundo avanzaban os anos de guerra, sobre todo nos Imperios Centrais. Só unha minoría de especuladores acumulou grandes fortunas. O entusiasmo patriótico mudou en desesperación.



*Viuva cos seus fillos pedindo na
rúa de Londres*



*Reparto de comida en
Berlín 1916*



Almorzo nunha 'casca' de guerra'



Decisións comerciais en



Teltower Society Distribution Site for Fruits and Vegetables (1917)



Confiscación e reparto de

Nenos nunha 'cocina de guerra'
alemá, 1917

Racións semanais en
Alemaña, outubro 1918

Confiscación e repartido de
alimentos en Alemaña, 1917

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL española'

a 'gripe

En 1918, unha epidemia de gripe, estendeuse por todo o mundo, provocando máis de vinte millóns de mortos, o dobre dos mortos nos 'campo de morte'. A guerra foi decisiva na súa expansión.



Hospital de Texas 1918



Policías de Londres con mascariñas



Mecanógrafa e carteiro
con mascariñas en Nova

A PRIMEIRA MUNDIAL

as mulleres

A maioría das mulleres participou tamén da febre patriótica, apoiando aos soldados e colaborando con entusiasmo no esforzo bélico. Porén, outras manifestáronse en contra da guerra.



A feminista *Emmeline Pankhurst* facendo
campaña a favor do recrutamento 1914



Voluntaria grega



Recrutas do '*Batallón da morte*' ruso, 1917





*Mulleres facendo o xuramento
militar, Los Ángeles, 1917*

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

as mulleres

As mulleres, sobre todo, foron vítimas da guerra, facéndose cargo total das familias e sufrindo polos homes ausentes.



Cartel francés



Mulleres francesas agardando o reparto de pan

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

as mulleres

Os gobernos fixeron chamamentos ás mulleres para que ocuparan os lugares de traballo abandonados polos homes, deixando claro que era debido ás necesidades bélicas.

QUEEN MARY'S ARMY AUXILIARY CORPS.

The GIRL
behind the man
behind the gun.



ENROL TO-DAY FULL PARTICULARS AND
FORMS OF APPLICATION FROM
THE NEAREST EMPLOYMENT EXCHANGE.
ASK AT POST OFFICE FOR ADDRESS.

NATIONAL SERVICE WOMEN'S LAND ARMY



**GOD SPEED THE PLOUGH
AND THE WOMAN WHO DRIVES IT**

APPLY FOR ENROLMENT FORMS AT YOUR NEAREST POST OFFICE OR
EMPLOYMENT EXCHANGE

REPUBLIQUE FRANCAISE

Aux Femmes Françaises

La guerre a été déclenchée par l'Allemagne malgré les efforts de la France, de la Russie, de l'Angleterre pour maintenir la paix.

A l'appel de la Patrie, vos pères, vos fils et vos frères se sont levés et demain ils auront relevé le drapeau.

Le départ pour l'armée de nos ceux qui peuvent porter les armes laisse les travaux des champs interrompus : la moisson est inachevée, le temps des vendanges est perdue.

Au nom du Gouvernement de la République, au nom de la Nation tout entière groupée derrière lui, je fais appel à votre vaillance, à celle des enfants que leur âge seul et non leur courage décourage au combat.

Je vous demande de maintenir l'activité des campagnes, de terminer les récoltes de l'année, de préparer celle de l'année prochaine : vous ne pouvez pas rendre à la Patrie un plus grand service.

Ce n'est pas pour vous, c'est pour elle que je m'adresse à votre cœur.

Il faut sauvegarder votre subsistance, l'approvisionnement des populations urbaines et surtout l'approvisionnement de ceux qui défendent à la frontière, avec l'indépendance du pays, la civilisation et le droit.

Debout donc, Femmes Françaises, jeunes enfants, filles et fils de la Patrie ! Remplacez sur le champ de travail ceux qui sont sur les champs de bataille. Préparez-vous à leur remettre demain la terre cultivée, les récoltes rentrées, les champs semencés. Il n'y a pas dans ces heures graves de labeur inutile : tout est grand qui sert le Pays.

Debout à l'action, au labeur ! Il y aura demain de la gloire pour tout le monde.

Vive la République ! Vive la France !

Pour le Gouvernement de la République

Le Ministre du Travail et des Pensions

ROSE VIVIANI

Carteis ingleses

Chamamento ás mulleres francesas

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

as mulleres

As mulleres incorporáronse, por vez primeira, masivamente ao traballo asalariado.



Fábrica de munición británica



Mulleres nunha refinuría de azucre escocesa



A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

as mulleres

Tarefas cosideradas masculinas foron desempeñadas con éxito por mulleres.





A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

as mulleres

Ao finalizar a guerra as mulleres perderon os seus traballos. Os gobernos querían que volvesen ao fogar. Pero moitas loitaron por conservar o seu traballo, aumentando a militancia obreira e feminista. En 1918 conseguiron o dereito ao voto en Gran Bretaña.



Clara Zetkin



Rosa Luxemburgo



A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

o final da guerra

O final da guerra non se produciu tanto pola vitoria militar dos aliados, senón polo esgotamento da poboación dos Imperios Centrais. O 11 de novembro de 1918 firmouse o armisticio.



Trofeos de guerra en París 1918




Bohemia, a estatua do kaiser derrubada, 1919

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

o final da guerra

Os tratados de paz foron moi duros cos países derrotados. No [Tratado de Versalles](#) fíxose a Alemaña responsable da guerra sendo severamente castigada, sobre todo co pago de reparacións de guerra.

Nese mesmo tratado creouse a Sociedade de Nacións, antecesora da ONU, co fracasado obxectivo de que os Estados chegasen a acordos, sen recorrer á guerra.



Debuxo alemán sobre o Tratado de Versalles



O tigre francés atrapa a aguiá alemá, marzo 1919

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

o final da guerra

Como consecuencia da guerra desapareceron os imperios alemán, austro-húngaro, ruso e otomano.



I GM: as fronteiras (o recordo dos 'caídos')

Na actualidade, nos países belixerantes, séguese a recordar aos mortos 'pola patria' na Grande Guerra



Placa no castelo de Chaves
(Portugal)



Monumento aos caídos nas
guerras mundiais em Alghero
(Italia)



Monumento aos heroes da I GM en Tata
(Hungria)



Homenaxe a un soldado francés caído

Nomeação de um soldado francês cado na I GM

